Trasalba, Ourense 3 do febreiro 1961

Sr. D. Lois Tobío

Meu querido e lembrado amigo: Sua carta trouxome a meirande alegría. Estiven de viaxe. Por iso demorei a resposta. Escribirélle con regolaridade. Eiquí os amigos colabouradores desconfian da publicación. Pois ca saída de un bo volume renacerá o entusiasmo. Xa lle escribirei con mais calma. Estas letras son sóio de agradecimento. Vai a conclusión do prólogo xeográfico. Pois iso e non Xeografía é o meu traballo. Cecáis estaría ben unha Bibliografía xeográfica de Galiza. O mapa grande vaise demorar moito. ¿Que tal unha boa fotografía do venerable Fontán?. É grande e boa a ilustración cartográfica. Mire si fai falla algunha fotografía mais, por exemplo, de Vigo.. A Prehistoria pode estar en pouco tempo. Igual a historia dos Pelamiaxes por Carre.. Do demais hai moito traballado e sin organizar.. O interesante é a pronta saída do volume de Etnografía, verdadeira obra prima, que xa perde por o moito tempo de agarde. O Risco xa non traballa con gosto mais do que en cousas literarias.. Enfin, drento de dous días lle escribirei.. Sua carta devolveume a confianza. Saudos da miña muller. Lembranzas na sua casa. E ós amigos

Sempre seu vello almirador

R. Otero Pedrayo